

DECISIÓN DO 6 DE XUÑO DE 2005, DA DIRECCIÓN XERAL DE CALIDADE E AVALIACIÓN AMBIENTAL, SOBRE A NECESIDADE OU NON DE AVALIACIÓN DE IMPACTO AMBIENTAL DUNHA PLANTA DE XESTIÓN DE SUBPRODUCTOS E RESIDUOS NA MINA DE TOURO, NO CONCELLO DE TOURO (A CORUÑA), PROMOVIDO POR TRATAMIENTOS ECOLÓXICOS DEL NOROESTE, S.L. (CLAVE: 2005/0208).

O obxecto do proxecto é a execución dunha planta na que se vai realizar un proceso mixto de produción de solos derivados de residuos e co-compostaxe de subprodutos orgánicos co fin de obter un solo ou abono orgánico que se empregará en agricultura como fertilizante; e como instalación complementaria ó plan de recuperación dos ríos Brandelos, Pucheiras, Felisa, Portapego, Rego das Rozas e Lañas, no contorno das minas de Touro.

Atendendo ó mercado de xeradores de residuos a planta deseñouse para a xestión de 73.800 t de residuos/ano, podendo acadar una capacidade máxima de tratamento de 102.600 t.

A antedita planta, que ocupará unha superficie de 33.480 m², localizarase nunha parcela dentro do recinto da antiga mina de Touro Arinteiro, espazo que se caracteriza por un estado de degradación importante, cunha localización estratéxica dentro da Comunidade Autónoma, e afastado de núcleos de poboación (a uns 900 m).

En base á documentación aportada e información dispoñible e:

- Visto que a figura de avaliación de impacto ambiental é a figura de protección ambiental tanto no ámbito normativo europeo como no estatal.
- Visto que na planta se tratará biomasa forestal, subprodutos de orixe agrogandeiro, de industrias agroalimentarias e do tratamento de augas residuais, e outros residuos inertes; e que para a súa actividade contará, entre outros servizos auxiliares, cun depósito para lodos.
- Visto que a Lei 6/2001, de 8 de maio, de modificación do Real Decreto legislativo 1302/1986, de 28 de xuño, de Avaliación de Impacto Ambiental, que como lei básica é o referente máis actual en protección ambiental, establece no seu artigo 1.2 que os proxectos, públicos ou privados, consistentes na realización das obras, instalacións ou de calquera outra actividade comprendida no anexo II só deberán someterse a unha avaliación de impacto ambiental cando así o decida o órgano ambiental en cada caso. A decisión, que deberá ser motivada e pública, axustarase ós criterios establecidos no anexo III.
- Visto que o proxecto presentado atópase comprendido no grupo 9, apartado c) do anexo II do citado Real Decreto legislativo, ó incluír entre as súas instalacións un depósito de lodos.

A continuación -baseándose nos criterios do anexo III, na información contida na totalidade da documentación presentada e na dispoñible nestas dependencias- realízase unha valoración dos aspectos ambientais máis significativos do depósito de lodos proxectado e das actividades de xestión de residuos que se pretenden levar a cabo:

- Os subprodutos e residuos serán dispostos en silos de almacenaxe de grande capacidade. Ditos silos estarán impermeabilizados e dotados cun sistema de captación de lixiviados, co que se garantirá a correcta xestión dos riscos ambientais que xera a almacenaxe destes produtos.
- A zona na que se vai a situar a planta e o correspondente depósito de lodos atópase actualmente degradada, sendo unha das finalidades do proxecto favorecer e procurar os medios para a súa rexeneración.
- A elaboración de solo reciclado é unha alternativa para a xestión de determinados residuos mediante valorización, en consonancia coas directrices da Unión Europea. Debendo engadir a este aspecto, que esta xestión de residuos permite asemade a rexeneración de espazos degradados e a fixación de CO₂.

Á vista do anterior, e sempre que se cumpran as condicións específicas e aquelas xerais que sexan de aplicación de entre as indicadas no anexo da presente Decisión e aquelas recollidas no documento "*Planta de valorización de subproductos en la mina de Touro. Touro A Coruña. Tomo I. Índice general, memoria y anexos, planos. Noviembre de 2004*", esta Dirección Xeral, en virtude do artigo 1.2 da Lei 6/2001 de 8 maio, de modificación do Real Decreto legislativo 1302/1986 de 28 de xuño, de avaliación de impacto ambiental, e tendo en conta que da realización do proxecto non se prevén efectos adversos significativos sobre o medio ambiente, decide que **non é necesario someter ó trámite de avaliación de impacto ambiental** o proxecto obxecto desta Decisión.

Exponse o anterior sen detrimento das autorizacións, permisos ou informes pertinentes para a realización do proxecto así como do contido dos mesmos.

Santiago de Compostela, 6 de xuño de 2005

O DIRECTOR XERAL DE CALIDADE
E AVALIACIÓN AMBIENTAL

Asdo: José Manuel Álvarez-Campana Gallo

ANEXO

CONDICIÓNS ESPECÍFICAS

- 1.- En canto ós olores que se poden producir pola manipulación, almacenamento e xestión dos residuos en calquera das fases que comprende o proxecto, manterase sempre a un nivel axeitado.
- 2.- Os lixiviados procedentes de tódalas fases de tratamento dos residuos serán recollidos e enviados ó depósito previsto, e no caso de non ser destinados á humectación dos residuos en proceso de compostaxe, serán entregados a un xestor autorizado.
- 3.- Realizaranse periodicamente labores de mantemento, co fin de asegurar o correcto funcionamento dos sistemas de drenaxe de augas pluviais e de lixiviados, garantíndose o correcto estado destes sistemas.
- 4.- Co fin de controlar a calidade das augas subterráneas manterase un mínimo de dous (2) piezómetros situados augas abaixo da localización da planta de e un (1) augas arriba, en distancia e condicións construtivas que garantan a súa función de control das augas subterráneas procedentes da área de localización da planta.

CONDICIÓNS XERAIS

- 1.- Previamente ó inicio das obras delimitarase a zona a afectar e dentro desta, sinalizaranse e delimitaranse as zonas destinadas a almacenamento de materiais, parque de maquinaria e instalacións auxiliares, así como os vieiros de acceso.
- 2.- Tanto na fase de obras como na de funcionamento, cumpriranse os límites establecidos na *Lei 7/1997, de 11 de agosto, de protección contra a contaminación acústica* (D.O.G. de 20 de agosto de 1997), e no seu caso, o indicado na correspondente ordenanza municipal.
- 3.- Durante o funcionamento da planta, para comprobar o cumprimento da norma, realizarase unha campaña de control de rúidos que inclúa medicións en horario diúrno e nocturno, no seu caso, no perímetro da parcela. As medicións do nivel de ruído serán realizadas por unha empresa ou entidade homologada, e a periodicidade con que se realizarán estes controis e as medidas a adoptar no seu caso, estableceranse unha vez avalíen os resultados da primeira medición.
- 4.- Posto que tanto na fase de obra como na de funcionamento da planta vaise emitir po á atmosfera como resultado dos movementos e tratamento de residuos, aplicaranse as medidas correctoras sinaladas na documentación presentada, cubrindo cunha lona ou similar todo vehículo que transporte materiais que podan desprender po.
- 5.- Os residuos perigosos deberán ser clasificados, envasados, convenientemente etiquetados e entregados ós xestores autorizados para a súa correcta xestión.
- 6.- As augas que poidan xerarse por baldeos ou outras circunstancias na praia de descarga ou nas zonas de amoreamento dos diferentes produtos obtidos, recolleranse mediante un sistema de

drenaxe que conduza estas augas ata a planta depuradora prevista, co fin de garantir o seu axeitado tratamento. as augas sanitarias á fosa séptica.

7.- Para o vertido das augas sanitarias, das augas de rego de residuos e das augas de lavado de áridos, deberá contarse coa correspondente autorización, e no caso de que por calquera causa non se acaden os límites de vertido entregaranse a un xestor autorizado.

8.- Os lodos obtidos nos sistemas de tratamento de augas xestionaranse de acordo coa lexislación vixente.

9.- Na incorporación das augas ó medio, adoptaranse as medidas que minimicen a erosión do terreo.

10.- Para o vertido destas augas, potencialmente contaminadas, deberá obterse a autorización de Augas de Galicia conforme ó preceptuado no artigo 100 da Lei de Augas.

11.- No caso de aproveitamento das augas dun pozo ou manancial existente, atenderase o disposto no *Real Decreto legislativo 1/2001, de 20 de julio, por el que se aprueba el texto refundido de la Ley de Aguas.*

12.- Sempre que resulte viable, as tarefas de mantemento de equipos e maquinaria realizaranse en talleres autorizados, e no caso de non ser viable disporanse proteccións para o solo co obxecto de evitar a afección por vertidos accidentais, así como contedores específicos para a recollida dos residuos que se xeren nestas tarefas.

13.- Controlarase o libre acceso ó emprazamento de persoas e animais, pechándose as entradas fóra das horas de servizo.